

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO PARA REGULAR O RÉXIME DO USO DOS PAVILLÓNS 4 E 5 NO RECINTO FEIRAL INSTITUTO FEIRAL DA CIDADE DE VIGO

En Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2022, na sede da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

REUNIDOS

Dunha parte, xxxx, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo por Decreto 60/2022, de 15 de maio, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polos artigos 33 e 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, xxxx, co NIF xxxx, actuando no nome e representación da Fundación Instituto Feiral de Vigo, na súa calidade de director – xerente, en cumprimento das funcións que ten encomendadas a teor do disposto no artigo 28 dos estatutos da fundación.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, en adiante, a Consellería, segundo o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior e dentro destas cabe sinalar, especificamente: a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector comercio

e máis a promoción de sectores e produtos galegos, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexábel cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento.

SEGUNDO.- A fundación "Fundación Instituto Feiral de Vigo", no sucesivo, a fundación, e unha fundación integrante do sector público autonómico, de conformidade co réxime xurídico establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que procedeu á modificación dos seus estatutos de acordo co disposto na Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, mediante acordo do Padroado da Fundación de data 8 de xuño de 2021, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en reunión de data 25 de novembro de 2021.

A Fundación ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin ven desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames, exposicións e eventos de carácter cultural e deportivo que demandan amplos espazos nas instalacións nas que desenvolver as actividades.

Estas instalacións resultaban insuficientes dende hai varios anos para dar resposta a elevada demanda producida en determinados eventos de especial importancia, tanto para a comarca de Vigo como para a Comunidade Autónoma de Galicia, por servir de plataforma de negocio internacional de sectores estratéxicos galegos como a pesca, o conxelado, o conserveiro ou o naval.

Para dar resposta a esta demanda e principalmente evitar a deslocalización de determinados eventos de carácter internacional con grandes repercusións positivas para a economía galega, IFEVI proxectou a ampliación das súas instalacións, que se concretou nas actuacións correspondentes ás ampliacións dos pavillóns existentes cos novos pavillóns 4 e 5, dunha superficie de ocupación cada un deles de 5.000 m2 aproximadamente.

Mediante acordos adoptados polo Padroado de IFEVI, solicitouse a aplicación do procedemento previsto na Lei 3/2016, de 1 de marzo, para os proxectos de ampliación do recinto feiral de IFEVI por entender que concorren neste suposto as xustificacións esixidas pola Lei de urxencia e de interese público de acordo coa memoria xustificativa do proxecto

público de urxencia e excepcional interese para a ampliación das instalacións do IFEVI, tendo en conta que as previsións actuais o planeamento urbanístico en vigor non permitían a ampliación do recinto feiral.

TERCEIRO.- Dado que para acometer as obras de ampliación do recinto feiral do IFEVI, a Consellería carecía dos medios persoais e técnicos para desenvolver axeitadamente este investimento e a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, introduce non seu artigo 8, como novidade, o concepto de autoprovisión de bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que "cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que dispoñan dos medios dos que precisan" e tendo en conta que a Axencia Galega de Infraestruturas concíbese como una estrutura organizativa capaz de responder aos mandatos ou encargos que en relación coas súas competencias ou atribucións lle encomenden as consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia coa máxima celeridade, calidade e co mínimo custo posible, asináronse os correspondentes acordos de colaboración entre a Consellería e AXI para a ampliación do IFEVI.

Os acordos de colaboración tiveron por obxecto realizar a supervisión do proxecto básico e de execución das obras de ampliación das instalacións do recinto feiral do Instituto Feiral de Vigo, a licitación, adxudicación e execución do contrato das obras de ampliación das instalacións do recinto, así como dos contratos de servizos accesorios para a dirección, control e vixilancia das obras referidas. Co acto de recepción das obras, farase entrega dos traballos á Consellería e, por tanto, será a Consellería a responsable da xestión, mantemento e conservación destes, así como dos gastos que o seu funcionamento xere.

CUARTO.- Polo que respecta ao **pavillón 4**, unha vez rematadas e recepcionadas as obras de ampliación, subscribiuse un primeiro convenio en data 25 de setembro de 2018 entre a Consellería e a Fundación Instituto Feiral de Vigo que regulou o réxime de uso das novas instalacións por un prazo de 4 anos, garantindo a optimización das mesmas así como a conservación e mantemento do ben que constitúe o pavillón 4. O dito convenio está en vigor ata o 25 de setembro de 2022.

QUINTO.- Polo que respecta ao **pavillón 5**, na actualidade as obras están en fase de execución e, o mesmo que o pavillón 4, unha vez rematadas e recepcionadas as obras, a acta de recepción terá o efecto de entrega ao órgano encomendante e, a partires da sinatura desta, a Consellería asumirá as operacións de explotación, conservación e mantemento da nova construción.

Neste senso, a Consellería e a Fundación Instituto Feiral de Vigo están interesadas en subscribir un Convenio que regule, de maneira unificada e para un mesmo período de tempo, o réxime de uso das instalacións dos Pavillóns 4 e 5 e que garanta a optimización das mesmas así como a súa conservación e mantemento.

Dado o interese coincidente da Consellería e a Fundación, acordan a formalización dun convenio de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Fundación Instituto Feiral de Vigo **para regular a xestión do uso e conservación das instalacións dos Pavillóns 4 e 5**, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades.

SEGUNDA.- Atendendo á posibilidade de que a Administración poña a disposición da fundación a xestión das infraestruturas e considerando os beneficios da colaboración coa Fundación Instituto Feiral de Vigo, acórdase que a xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións obxecto dos pavillóns 4 e 5 se leve a cabo pola Fundación IFEVI, mediante a **cesión do uso dos pavillóns 4 e 5**.

TERCEIRA.- A Fundación queda obrigada a empregar o espazo de acordo coas limitacións recollidas no proxecto técnico de cada pavillón, poñendo as instalacións a disposición dos organizadores dos eventos que procedan e respectando o dereito de uso que se reserva a Administración Xeral da Xunta de Galicia para a organización de eventos con carácter excepcional.

En particular, o pavillón 5 foi equipado na súa construción cun módulo de atletismo para a celebración de eventos ligados ao deporte de atletismo. A tal efecto, una vez cedido o uso do pavillón 5 ao IFEVI, a Fundación e a Secretaría Xeral do Deporte subscribirán un acordo que regule o réxime de

coordinación da xestión e uso de dita dotación deportiva, no que quedará garantida a realización preferente de actividades feirais no pavillón 5 que permita, de forma individualizada ou conxunta co resto de instalacións, a celebración de eventos feirais, certames e exposicións que forman parte do obxecto e fines da Fundación, en concreto, os referidos aos sectores estratéxicos de actividade que demandan espazo e aos que ven prestando servizo o recinto feiral.

A Fundación garantirá a calidade e operatividade do uso, así como a vixilancia do recinto tanto no interior como no exterior.

A Fundación contará cun seguro de responsabilidade civil e do edificio que cubra os danos ou sinistros que ocorran.

IFEVI disporá dos medios humanos, materiais e técnicos, así como a loxística necesaria para o uso e conservación das instalacións obxecto deste convenio e para a adecuada posta a disposición das instalacións dos organizadores. En consecuencia, o persoal que realice as actividades anteditas non terá relación de carácter laboral ou administrativo coa Consellería.

CUARTA.- O presente convenio non supón achegas económicas por parte da consellería e os gastos nos que incorra a Fundación polo uso dos pavillóns correrán ao seu cargo.

QUINTA.- Coa finalidade de asegurar o correcto cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria que coordinará o seu desenvolvemento. O seu funcionamento rexerá polo réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEXTA.- Entrada en vigor do presente convenio, prazo de duración e réxime transitorio aplicable no seu caso

- Entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor o **25 de setembro de 2022**, na mesma data de finalización do convenio subscrito en data 25 de setembro de 2018, citado no expositivo cuarto anterior.

- Prazo de duración

O prazo de duración do presente convenio será de 4 anos contados dende a data da súa entrada en vigor, prorrogables por catro anos máis de forma expresa por acordo das partes, mediante a sinatura da addenda correspondente.

- Réxime transitorio para o pavillón 5

Dado que a execución da obra do pavillón 5 estase a rematar, para o suposto de que a súa recepción pola Consellería non coincida coa data de finalización do convenio suscrito o 25 de setembro de 2018, establécese o seguinte réxime transitorio:

- No suposto de que a recepción do pavillón 5 pola Consellería fose **anterior ao 25 de setembro de 2022**, o pavillón 5 rexerá de maneira transitoria polas condicións pactadas no convenio suscrito o 25 de setembro de 2018 ata a data da efectiva entrada en vigor o 25 de setembro de 2022 do presente convenio, sen que se modifique o prazo de duración antes fixado.
- No suposto de que a recepción do pavillón 5 pola Consellería fose **posterior ao 25 de setembro de 2022**, a aplicación do presente convenio para o Pavillón 5 terá lugar dende a data da súa recepción pola Consellería, sen que se modifique o prazo de duración antes fixado.

SÉTIMA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan e, en particular, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

OITAVA.- As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1 Por acordo unánime dos asinantes.

2 De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

O presente convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do mesmo deberán resolverse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta do presente convenio. Se non se puidese acadar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Ase mesmo está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Queda por tanto excluído da aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, de conformidade co establecido no artigo 6 da mesma.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

| | |
|---|---|
| <p>POLA XUNTA DE GALICIA O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación</p> <p>XXXXX</p> | <p>POLA FUNDACIÓN O director - xerente</p> <p>XXXXX</p> |
|---|---|